

Plan de orientación profesional


Índice

1	Introducción	5
2	Concepto de orientación profesional	8
3	Servicios de orientación educativa e profesional	9
3.1	Antecedentes	9
3.2	Servicios actuais de orientación educativa e profesional da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	10
	Servicios centrais	
	Servicios externos	
	Servicios internos	
4	A quen se dirixe a orientación profesional	13
5	Obxectivos xerais	14
6	Principais actuacións	15
6.1	Establecemento de criterios e estratexias para a planificación coordinada de accións de orientación profesional	15
	Obxectivos específicos	
	Accións	
6.2	Elaboración de recursos informáticos para a orientación profesional	16
	Obxectivos específicos	
	Accións	
6.3	Elaboración de recursos informativos e informes para o desenvolvemento da orientación profesional	17
	Obxectivos específicos	
	Accións	
6.4	Fomento das relacións escola-empresa	17
	Obxectivos específicos	
	Accións	
6.5	Participación na creación e mantemento dunha rede integrada de información e orientación profesional	18
	Obxectivos específicos	
	Accións	
6.6	Asesoramento e apoio ó alumnado sobre técnicas e estratexias de busca activa de emprego e fomento do carácter emprendedor	20
	Obxectivos específicos	
	Accións	
6.7	Seguimento da inserción laboral do alumnado que remata a súa formación nos centros de educación secundaria	20
	Obxectivos específicos	
	Accións	

6.8	Oferta de actividades formativas	21
	Obxectivos específicos	
	Accións	
7	Planificación e desenvolvemento da orientación profesional	23
7.1	A orientación profesional nas distintas etapas educativas	23
	A orientación profesional na educación secundaria obrigatoria	
	A orientación profesional na Formación Profesional	
	A orientación profesional no bacharelato	
	A orientación profesional nos programas de garantía social	
	A orientación profesional na educación de adultos	
7.2	O consello orientador	27
7.3	Principais actuacións dende os diferentes servizos de orientación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	28
7.4	Estructura do plan de orientación	30
	Equipos de Orientación Específicos	
	Centros educativos	
8	Seguimento e avaliación	32
8.1	Plan de Orientación dos centros educativos	32
8.2	Plan de Orientación dos Equipos de Orientación Específicos	32
8.3	Avaliación externa	33

1 Introducción

As grandes transformacións que se están a producir nos diferentes ámbitos da sociedade fan da información e da orientación unha necesidade para adecua-la formación ó emprego



Os cambios vertixinosos de carácter económico, social e laboral que se veñen producindo nos últimos anos, sobre todo coa introdución das tecnoloxías da información e da comunicación, a aparición de profesións emerxentes e de novas fontes de emprego, xustifican a necesidade da información e da orientación profesional como un proceso continuo ó longo de toda a vida das persoas, xa que estas se ven na obriga de tomar múltiples decisións que afectan á súa situación persoal e sociolaboral.

Así, un estudante necesita información e orientación profesional no período de formación inicial. De seguido, na etapa de transición á vida activa ou no desenvolvemento do plan de carreira profesional, as persoas precisan asesoramento para elixir itinerarios profesionais e formativos que favorezan a súa empregabilidade. Por último, na etapa de xubilación laboral, a necesidade da orientación profesional xustifícase polo incremento do tempo libre e de lecer que debe cubrirlo espacio que deixa baleiro o cese da actividade laboral.

Por outra parte, a información e a orientación profesional xogan un papel estratéxico no desenvolvemento de políticas activas de emprego de ámbito estatal, comunitario e autonómico. Xa nos acordos tomados no Cumio extraordinario sobre o emprego celebrado en Luxemburgo en novembro de 1997, considéranse a orientación e a formación profesional como factores clave para mellora-la cualificación da poboación traballadora, e resáltase a necesidade de avanzar cara á progresiva integración e complementariedade dos tres subsistemas de Formación Profesional (inicial ou regrada, ocupacional e continua).

Máis recentemente, no ano 2000, o Cumio Europeo de Lisboa establece como meta estratéxica para os estados membros da Unión Europea a consecución das condicións de pleno emprego. Isto implica a necesidade de asesora-las persoas no proceso de transición a unha economía baseada no coñecemento e orientalas para que elixan con acerto, entre as opcións que lles ofrece o mercado laboral, aquelas que máis se adapten ás súas capacidades e preferencias, tendo en conta, así mesmo, que as tendencias socio-demográficas da poboación van posibilitar un maior abano de oportunidades laborais á poboación activa.

No marco do establecido polos principios de ámbito europeo que vimos de sinalar, cada país elabora plans específicos de acción para o emprego nos que se debe contempla-la oferta de información, orientación e formación profesional ó longo de toda a vida das persoas como un dos obxectivos básicos. Neste sentido, en España inclúense como piares a orientación e a formación profesional, tanto nos plans anuais do Goberno como no II Programa Nacional de Formación Profesional (1998-2002), elaborado polo Consello Xeral de Formación Profesional.

O obxectivo básico terceiro deste Programa pretende desenvolver un servizo integrado de información e orientación profesional coa finalidade de facilita-lo emprego e o progreso da poboación. Trátase, con este obxectivo, de que a información e a orientación profesional:

- Cheguen ós destinatarios de forma alcanzable para as súas necesidades.
- Abrangan tódolos subsistemas de Formación Profesional.
- Eviten que os interesados deban acudir a diversos centros de información e orientación, vinculados a distintas administracións ou entidades para, posteriormente, integrar individualmente tal información.

Por outra parte, o proxecto de Lei de Formación Profesional e Cualificacións pretende “no ámbito da información e da orientación profesional”, as seguintes finalidades:

- Informar sobre as oportunidades de acceso ó emprego, as posibilidades de adquisición e acreditación de competencias e cualificacións profesionais, e do progreso nas mesmas ó longo de toda a vida.
- Informar e asesorar sobre as diversas ofertas de Formación Profesional e os posibles itinerarios formativos.

Para adapta-los acordos europeos e estatais ó ámbito autonómico, a Xunta de Galicia e os axentes sociais asinaron os acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia (1998-2001), onde se considera a orientación e a formación profesional como actuacións prioritarias para mellora-la empregabilidade das persoas.

Así mesmo, créase en 1999 o Consello Galego de Formación Profesional e o Instituto Galego das Cualificacións que, entre outras finalidades, deberán recolle-la información relativa á evolución das distintas cualificacións e ós distintos subsistemas de Formación Profesional nun servizo integrado de información e orientación profesional, de xeito que calquera organismo, institución ou usuario en xeral poida acceder a el.

Neste sistema integrado deberanse incluí-los servizos de información e orientación profesional existentes nos tres subsistemas, así como as accións xerais e específicas para desenvolver en todos e cada un deles, en función dos colectivos de usuarios que maioritariamente atendan.

Esta preocupación pola creación dun sistema integrado de información e orientación profesional recóllese no Plan Galego de Formación Profesional, levado ó pleno do Consello Galego de Formación Profesional o día 30 de maio de 2001, que emite informe favorable, e posteriormente aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o día 27 de xuño de 2001, procedéndose á súa publicación e difusión.

O Plan Galego de Formación Profesional inclúe un programa de información e orientación profesional que contempla tres plans específicos:

- Plan de creación dunha rede integrada de información e datos sobre Formación Profesional.

Os principais acordos sobre emprego e cualificación consideran a orientación profesional como unha das claves para o acceso e permanencia na vida laboral



- Plan de formación de orientadores de Formación Profesional.
- Plan específico de información e orientación profesional e de cualificación profesional para a poboación demandante de emprego.

Diante desta realidade en que, como vemos, é necesaria a oferta crecente de información e orientación profesional a tódolos usuarios, así como un traballo máis colaborativo entre os orientadores e as orientadoras dos distintos subsistemas de Formación Profesional, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria considera necesario dar a coñecer as liñas base que servirán de referente ós servicios de orientación e ós centros educativos non universitarios na planificación axeitada das accións de información e orientación profesional, así como posibilitar que as actuacións destes servicios sexan coñecidas polas persoas responsables da formación e da orientación dos restantes subsistemas de Formación Profesional, e por tódolos posibles usuarios que, a través do asesoramento ou mesmo da propia autoorientación profesional, precisan información e apoio para o desenvolvemento do plan de carreira profesional.

2 Concepto de orientación profesional

Enténdese a orientación educativa e profesional como un proceso continuo de axuda ás persoas en tódolos ámbitos (persoal, educativo, social e laboral), co obxecto de potencia-lo seu desenvolvemento integral ó longo de toda a vida.

En consecuencia, a orientación trascende á propia tarefa de informa-los individuos sobre os posibles itinerarios formativos e sobre as expectativas de emprego, así como do axuste das ofertas educativas existentes en relación coas necesidades laborais do contorno, para abrangue-la problemática específica de cada persoa, de cada individuo como suxeito activo, analizando as súas aptitudes, intereses e potencialidades, co obxecto de consegu-la mellor das decisións para un óptimo aproveitamento dos recursos existentes.

Polo tanto, o concepto de orientación profesional propiamente dito posúe, cando menos, tres perspectivas: a da persoa, a da Administración pública e a do mercado laboral.

Desde o interese da persoa, defínese a orientación profesional como un proceso de axuda, mediante o que o individuo identifica e avalía as súas aptitudes, competencias e intereses con valor profesionalizador; infórmase sobre a oferta educativa e a demanda laboral accesible; toma decisións sobre o itinerario formativo máis doado co obxecto de logra-la inserción ou reinserción profesional e laboral satisfactoria. Tamén lle compete á orientación profesional, dentro do sistema educativo, informa-lo alumnado de Formación Profesional específica sobre os compoñentes básicos do comportamento laboral (seguridade e hixiene, relacións laborais, etc.), e levar a cabo o asesoramento, seguimento e avaliación do proceso de inserción laboral e profesional.

Desde a perspectiva da Administración pública, a orientación profesional debe perseguir, ademais do interese particular dos individuos, o mellor aproveitamento dos recursos socioeconómicos, laborais e formativos de cada contorno, e conxuga-las posibilidades autonómicas e estatais coas leis de libre circulación da poboación activa e de globalización do mercado que rexen no ámbito internacional.

Finalmente, para o mercado laboral, a información e a orientación profesional deben favorecer que a oferta formativa se adecúe á demanda de profesionais que precisa o sector productivo.



A orientación deberá axudar ás persoas a tomar decisións axustadas no ámbito persoal, educativo, social e laboral.

3 Servicios de orientación educativa e profesional

3.1 Antecedentes

1975	Creación do Instituto Nacional de Educación Especial e dos Equipos Multiprofesionais
1977	Creación dos Servicios de Orientación Escolar e Vocacional (SOEV)
1982	Posta en funcionamento dos SOEV
1983	Posta en funcionamento dos Equipos Multiprofesionais
1985	Posta en funcionamento dos Equipos Psicopedagóxicos de Apoio (EPSA)
1988	Posta en funcionamento de Proxectos Experimentais de Orientación nos centros educativos
1990	Creación dos Departamentos de Orientación
1997	Posta en funcionamento dos Departamentos de Orientación

A importancia que vai adquirindo a orientación educativa e profesional ó longo do tempo require da adecuada estrutura organizativa que permita un proceso continuado de asesoramento e apoio.

Como primeiro antecedente significativo na evolución da orientación educativa e profesional pódese establecer a Lei Xeral de Educación de 1970, que enunciou o dereito á orientación como un servizo continuado a través do que se deberían atender as capacidades e preferencias do alumnado, facilitándolle a elección consciente e responsable de estudos e actividades laborais.

Ó abeiro da referida lei, creáronse os Servicios de Orientación Escolar e Vocacional (SOEV), mediante a Orde do 30 de abril de 1977; en Galicia reguláronse mediante a Resolución da Dirección Xeral de Educación Básica do 15 de decembro de 1982. Realizábanse accións de orientación escolar, persoal e vocacional con alumnado de Educación Xeral Básica, así como de asesoramento ó profesorado, ás familias e ó alumnado, sobre as saídas académicas e profesionais.

Outro momento importante neste proceso histórico foi a creación, mediante o Decreto 1151/1975, do 23 de maio, do Instituto Nacional de Educación Especial e dos Equipos Multiprofesionais, dependentes deste organismo. Malia a súa creación oficial, o inicio das actividades non se xeneralizou ata o ano 1982, no marco da Lei 13/1982, do 7 de abril, de Integración Social do Minusválido (LISMI). En Galicia creáronse os Equipos Multiprofesionais pola Resolución da Dirección Xeral de Educación Básica do 11 de maio de 1983.

No ano 1982 reguláronse, mediante a Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 28 de setembro, os Institutos de Orientación Educativa e Profesional. As súas funcións centrábanse no estudo do alumnado escolarizado en cursos considerados críticos para a súa orientación profesional e para a posterior elección de estudos e de emprego.

En 1985, mediante a Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 8 de agosto, creáronse en Galicia os Equipos Psicopedagóxicos de Apoio (EPSA), onde se integraron os membros dos SOEV e dos Equipos Multiprofesionais. Aínda que entre as funcións dos EPSA estaban as referidas á información e á orientación profesional do alumnado, realmente, as súas intervencións centrábanse preferentemente na atención ós escolares con necesidades educativas especiais. Posteriormente, pola Resolución da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional do 26 de novembro de 1996, ampliouse o campo de actuación destes equipos ós centros de ensino secundario.

No ámbito da educación secundaria convocáronse, entre os anos 1988 e 1995, Proxectos Experimentais de orientación educa-

tiva e profesional dirixidos por un docente definitivo no centro, preferentemente licenciado en psicoloxía ou pedagogía.

3.2 Servicios actuais de orientación educativa e profesional da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

As actuais tendencias no ámbito da Unión Europea diríxense a potencia-la institucionalización dos servicios de orientación con carácter preferentemente interno ós centros educativos, establecéndose así unha relación personalizada e permanente entre os profesionais da orientación, os membros da comunidade educativa e o contorno sociolaboral.

No noso país, a LOXSE concibe a orientación como un dos factores que favorecen a calidade do ensino e outorga ás administracións educativas as competencias para garanti-la oferta deste servicio e para asegurar que a coordinación das actividades se leve a cabo por profesionais coa debida preparación. Esta concepción reclama un modelo da orientación de natureza cooperativa, superador do tradicional de carácter predominantemente clínico, e un novo papel profesional dos responsables da orientación como axentes de desenvolvemento e mellora das institucións educativas.

A análise das tendencias actuais e as funcións asignadas pola LOXSE á orientación levaron á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a optar por un novo modelo organizativo da orientación educativa e profesional no ámbito da Comunidade Autónoma. Así, mediante o Decreto 120/1998, do 23 de abril, créanse en Galicia os actuais servicios de orientación educativa e profesional. A súa implantación iniciouse no curso 1998-1999 e concluíu no curso 2000-2001.

Como se indica a continuación, a organización dos servicios de orientación educativa e profesional estrutúrase en servicios centrais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, servicios externos e servicios internos ós centros educativos.

Servicios centrais

A Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional, a través dos servicios de Ordenación e Innovación Educativa, e de Formación en Empresas e Orientación Laboral, establece o marco común para o desenvolvemento das accións de orientación educativa e profesional, así como as actuacións prioritarias para cada curso escolar.

As principais funcións, no ámbito da orientación educativa e profesional, que se realizan desde os servicios centrais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria son as seguintes:

- Dictar instrucións para unificar as actuacións dos diferentes plans de orientación, establecendo un marco común para a súa planificación, desenvolvemento e avaliación, así como os ámbitos de actuación prioritarios.
- Elabora-las propostas da normativa que regule a educación especial, a acción titorial, a orientación escolar e profesional, e as


A actual estrutura organizativa da orientación en Galicia recolle as tendencias europeas e establece un sistema adaptado ás necesidades propias da Comunidade Autónoma.

A actuación coordinada dos servicios de orientación require do establecemento de pautas dende os servicios centrais que fixen os principios e os ámbitos da orientación educativa e profesional.




O apoio especializado ós Departamentos de Orientación correspóndelle, a nivel provincial, ós Equipos de Orientación Específicos.

Delegación provincial



Os Departamentos de Orientación coordinan as accións de tutoría e orientación que se desenvolven nos centros. Ofrecen asesoramento e apoio a toda a comunidade educativa.

Centro educativo



adaptacións curriculares para atender á diversidade do alumnado.

- Impulsa-la realización de actividades de orientación educativa e profesional.
- Fomenta-las relacións entre os responsables da formación, do emprego e da produción.
- Asesorar e apoia-los centros educativos nas súas relacións coas empresas e no proceso de realización de convenios entre o centro educativo e o centro de traballo.
- Potenciar accións que permitan interrelaciona-las funcións de información e orientación profesional nos tres subsistemas de Formación Profesional (inicial ou regrada, ocupacional e continua).
- Ofrecer actividades de formación dirixidas ós servicios de orientación, equipos directivos, profesorado de apoio ó alumnado con necesidades educativas especiais e resto do profesorado.

Servicios externos

A normativa que regula a orientación educativa e profesional en Galicia crea como servicios de orientación externos os Equipos de Orientación Específicos (EOE), cun ámbito de actuación de carácter provincial. Estes constitúen un apoio especializado para os Departamentos de Orientación dos centros educativos na resposta ás necesidades de intervención ligadas a aspectos psicopedagóxicos específicos ou a cuestións sociais ou familiares que teñan incidencia na resposta educativa ou sociolaboral.

Estes Equipos están integrados por profesionais das seguintes especialidades:

- Orientación vocacional e profesional.
- Discapacidades sensoriais.
- Discapacidades motóricas.
- Sobredotación intelectual.
- Trastornos xeneralizados do desenvolvemento.
- Trastornos de conducta.
- Traballo social ou Educación social.
- Especialista en audición e linguaxe.

Servicios internos

Os servicios de orientación internos están constituídos polos Departamentos de Orientación que garanten en cada centro que a orientación forme parte esencial da actividade educativa e que se estableza unha vía de asesoramento permanente ó alumnado, ó profesorado e ás familias.


A partir do curso 2000-2001 contan con Departamento de Orientación tódolos Institutos de Educación Secundaria (IES) e Centros Públicos Integrados (CPI), así como os Colexios de Educación Infantil e Primaria (CEIP) de doce ou máis unidades, ou de menos se as circunstancias de dispersión xeográfica xustifican a necesidade da súa creación, co que se remata o proceso de implantación gra-

dual iniciado no curso 1998–1999, como xa se indicou anteriormente.

Os titores e o resto do profesorado dos centros educativos, co asesoramento e apoio dos servizos de orientación, realizan tamén, a través da actividade docente, accións de orientación educativa e profesional.

Para garantir que tódolos centros públicos de Galicia conten con servizos de orientación, cada curso escolar a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria realiza a correspondente adscrición dos centros educativos que non teñen constituído Departamento de Orientación ós departamentos dos centros da zona educativa.

Na táboa e gráfico que se inclúen a continuación recóllese a evolución da implantación dos Departamentos de Orientación nos centros educativos de ensino non universitario dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.



Evolución do número de Departamentos de Orientación (DO)

■ IES e CPI
 ■ CEIP
 □ Totais

DO	1998 1999	1999 2000	2000 2001	2001 2002
CEIP	92	161	237	243
IES e CPI	202	284	330	331
Totais	294	445	567	574

4 A quen se dirixe a orientación profesional

A oferta de información e orientación profesional responde á necesidade de achegar a tódolos colectivos potencialmente interesados información e orientación sobre o emprego, coas competencias profesionais que require, e as vías de adquisición en calquera das súas modalidades.

Os colectivos que deben recibir información e orientación profesional son:

- O alumnado do sistema educativo e as familias.
- A xente nova desescolarizada, as persoas en situación de desemprego e a poboación ocupada, que precisan completa-la súa formación para mellora-la empregabilidade.
- As persoas con discapacidade para favorece-la súa integración social e laboral.
- Os centros formativos, co fin de que poidan informar e orientar eficazmente o alumnado, as familias e as empresas do seu contorno.
- As empresas, para que colaboren co sistema formativo no desenvolvemento de accións de información e orientación profesional, así como para que conten con datos obxectivos para instrumenta-la súa política de recursos humanos.
- Os axentes sociais e a sociedade en xeral, para que coñezan as vías de adquisición de cualificacións profesionais mediante a Formación Profesional.

Colectivos implicados na orientación profesional

A información e a orientación sobre as posibilidades do sistema formativo e laboral deben chegar a tódolos posibles interesados.



5 Obxectivos xerais

Desde o ámbito da formación inicial ou regrada, considéranse como obxectivos xerais do Plan de Orientación Profesional os seguintes:

- Ofrecer ós servizos de orientación e ós centros educativos pautas, estratexias e recursos para o desenvolvemento dos respectivos plans de orientación profesional.
- Establecer, para o ámbito educativo, as liñas xerais de actuación para a unificación dos plans de orientación profesional que, posteriormente, deberán adaptarse a cada contexto.
- Elaborar e manter actualizados recursos informáticos de apoio para o ámbito da formación inicial ou regrada.
- Elaborar e actualizar bases de datos e recursos para a información e a orientación profesional.
- Fomentar as relacións entre os responsables da formación, do emprego e da produción.
- Promover nos centros educativos o seguimento da inserción laboral do alumnado que remata as ensinanzas de Formación Profesional específica, programas de garantía social ou ensinanzas de adultos, ou que abandona o sistema educativo, para poder así valorar a eficacia da orientación profesional recibida e asesoralo sobre a recualificación profesional.
- Promover accións de integración laboral e estímulo da formación empresarial dos alumnos e das alumnas que rematan estudos de Formación Profesional regrada, educación secundaria obrigatoria ou bacharelato.
- Ofrecer axudas para realizar ensinanzas de Formación Profesional específica en familias profesionais non vocacionais por parte do alumnado, pero que contan con posibilidades de inserción laboral.
- Subscribir convenios de colaboración para o mellor aproveitamento dos recursos de información e orientación profesional.
- Colaborar na creación e actualización dun servizo integrado de información e orientación profesional no que se potencia a autoorientación dos usuarios.
- Participar en accións que permitan o desenvolvemento coordinado das funcións de información e orientación profesional en todos os subsistemas de formación.
- Ofrecer actividades formativas de información e orientación profesional ós servizos de orientación, profesorado de formación e orientación laboral, equipos directivos e profesorado en xeral. Así mesmo, deberase potencia-la realización de actividades conxuntas dos orientadores dos distintos subsistemas de Formación Profesional.



O establecemento das medidas adecuadas e a elaboración dos recursos axeitados permitirán acadar os obxectivos fixados no Plan de Orientación Profesional.

6 Principais actuacións



O Plan de Orientación Profesional fixa as directrices para a elaboración dos respectivos plans provinciais e dos centros educativos.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pretende conseguir os obxectivos xerais do Plan de Orientación Profesional establecidos no apartado anterior a través da realización de diversas actuacións que estarán coordinadas, na medida do posible, con responsables dos servizos de información e orientación profesional dos restantes subsistemas de Formación Profesional.

Estas actuacións implican o traballo coordinado dos servizos centrais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, dos especialistas de orientación profesional dos Equipos de Orientación Específicos e dos Departamentos de Orientación dos centros educativos.

As principais actuacións previstas pola Administración educativa, no marco do Plan de Orientación Profesional, son as seguintes:

- Establecemento de criterios e estratexias para a planificación coordinada de accións de orientación profesional.
- Elaboración de recursos informáticos para a orientación profesional.
- Elaboración de recursos informativos e informes para o desenvolvemento da orientación profesional.
- Fomento das relacións escola-empresa.
- Participación na creación e mantemento dunha rede integrada de información e orientación profesional.
- Asesoramento e apoio ó alumnado sobre técnicas e estratexias de busca activa de emprego e fomento do carácter emprendedor.
- Seguimento da inserción laboral do alumnado que remata a súa formación nos centros de educación secundaria.
- Oferta de actividades formativas.

6.1 Establecemento de criterios e estratexias para a planificación coordinada de accións de orientación profesional

A orientación profesional constitúe un elemento estrutural e funcional do sistema educativo. Desde o equilibrio entre a comprensividade e a opcionalidade, e entre o carácter terminal e propedéutico da formación, deberá propiciar lucidez ó alumnado, tanto nos momentos clave da toma de decisións sobre a elección do seu itinerario profesional como durante a súa prosecución ou modificación, evitando condicionamentos de xénero e sociofamiliares, e facilitando a adecuada conxunción das variables implicadas no proceso formativo. Pero, ademais, a información e a orientación profesional deberán proporcionar recursos e vías de actuación que faciliten a idónea inserción socioprofesional das persoas.

Obxectivos específicos

- Establecer criterios, para a unificación dos plans de orientación profesional, que se deberán adaptar posteriormente a cada contexto educativo.
- Ofrecer pautas unificadas para o desenvolvemento da orientación profesional nos centros educativos.

Accións

As finalidades do plan de orientación profesional dos servicios de orientación deberán dirixirse a que o proceso orientador se vincule progresivamente co ámbito empresarial, co contorno laboral, coa oferta formativa na circunscrición territorial e cos marcos lexislativos e as estruturas socioeconómicas.

Para a planificación e desenvolvemento das accións dos respectivos plans de orientación profesional dos servicios de orientación establécense pautas orientativas de carácter xeral no apartado 7 deste documento.

6.2 Elaboración de recursos informáticos para a orientación profesional

Estes materiais van posibilitar que os centros educativos e os servicios de orientación dispoñan de recursos actualizados para axudalos usuarios a tomar decisións vocacionais.


Obxectivos específicos

- Elaborar cuestionarios sobre preferencias profesionais e de aptitudes ou capacidades, así como sobre rendemento escolar do alumnado, para lles permitir ós usuarios analiza-la correlación existente entre as súas preferencias vocacionais e as súas cualidades persoais.
- Ofrecer información, por áreas profesionais, sobre as ofertas de formación e emprego ás que pode optalo alumnado en función das súas preferencias profesionais e dos estudos realizados.

Accións

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en colaboración cos servicios de orientación, realizará as seguintes accións:

- Elaboralos recursos informáticos necesarios que permitan a consecución dos obxectivos indicados. Estes recursos distribuiranse ós centros educativos e ós servicios de orientación, para a súa utilización baixo a responsabilidade do orientador ou orientadora correspondente.
- Realizar, baixo a coordinación dos servicios centrais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, estudos sobre o seguimento dos resultados obtidos no ámbito da Comunidade Autónoma galega.



Os recursos para a orientación profesional serán empregados polos servicios de orientación no ámbito dos centros educativos.

6.3 Elaboración de recursos informativos e informes para o desenvolvemento da orientación profesional

Os servicios de orientación e os seus usuarios precisan coñecer datos actualizados sobre o desenvolvemento das accións de orientación profesional, así como utilizar recursos que lles proporcionen a información e o asesoramento que precisan.

Obxectivos específicos

- Dar a coñecer ós usuarios dos servicios de orientación datos e informes sobre as accións neste campo que se desenvolven no ámbito educativo.
- Elaborar e difundir recursos materiais de apoio para a orientación profesional.

Accións

- Elaborar protocolos para a recollida de datos que se remitirán ós centros e ós servicios de orientación para a súa formalización.
- Informatizar los datos recollidos e elaboralos correspondentes informes que se lles darán a coñecer ós usuarios do sistema de información e orientación profesional.
- Elaborar e distribuír recursos (informáticos, audiovisuais, bibliográficos, etc.), que sirvan de soporte ás distintas accións de información e orientación profesional.

Que a oferta formativa sexa axustada á demanda productiva pasa necesariamente polo achegamento entre o mundo educativo e o mundo laboral.



6.4 Fomento das relacións escola-empresa

A aproximación entre o sistema formativo e o sistema productivo favorece o coñecemento mutuo de dous ámbitos complementarios que deben traballar coordinadamente, co fin de que no sistema educativo se formen convenientemente os profesionais que demanda o sector productivo.

A través da Formación Profesional de base e da Formación Profesional específica deberase ofrecer ás persoas a necesaria cualificación que lles permita a inserción laboral ou a recualificación profesional que demandan.

Obxectivos específicos

- Ofrecer información ó mercado laboral sobre as competencias profesionais adquiridas polos titulados de Formación Profesional específica ou polos alumnos e alumnas que rematan algún programa de garantía social.
- Coñecer los perfís profesionais máis demandados polo mercado laboral co fin de adapta-la oferta educativa ás necesidades do sistema productivo.
- Establecer liñas de colaboración entre a escola e a empresa que permitan unha relación fluída e beneficiosa.

- Favorece-la igualdade de acceso ó posto de traballo atendendo á adecuada cualificación.

Accións

A Administración educativa promoverá accións dirixidas a que as relacións entre o sistema educativo e o sector productivo sexan cada vez máis estreitas. Neste sentido están previstas, entre outras, as seguintes actuacións:

- Programar encontros nos que participen representantes dos centros educativos, dos servizos de orientación, do alumnado, das familias e do mundo empresarial.
- Facilitar, desde os centros educativos, o contacto permanente co contorno productivo para a obtención da necesaria información sobre as tendencias do mercado de traballo e sobre a inserción laboral dos titulados.
- Potencia-las estadías formativas en empresas do profesorado de Formación Profesional específica.
- Establecer convenios de colaboración entre a Administración educativa, os centros e as empresas para o desenvolvemento da formación en centros de traballo ou de accións de información e orientación profesional.
- Fomentar, desde os centros educativos, a creación de bolsas de traballo que axuden ós alumnos e ás alumnas a atoparen un posto laboral ó remate da súa formación.
- Favorece-la cooperación entre os centros educativos e os organismos de emprego e asuntos sociais.
- Elaborar bases de datos sobre empresas.
- Promover accións que favorezan a incorporación laboral sen discriminación de xénero.
- Potencia-las relacións entre os titores dos centros e os titores das empresas.


6.5 Participación na creación e mantemento dunha rede integrada de información e orientación profesional

A información e a orientación profesional deben atender a dous grandes ámbitos de actividades: dunha banda, recoller e sistematizar información, e elaborar indicacións e programas de orientación profesional; por outra, distribuír e pór ó alcance dos usuarios a información e a orientación que demandan, tendendo á autoorientación.

Un dispositivo clave do sistema de información e orientación profesional vaine constituír a creación dunha rede integrada dos servizos existentes, coa finalidade de posibilitar que os usuarios dispoñan de información e asesoramento unificado, global e accesible en materia de formación, información e cualificación profesional.

Dispor dunha rede con capacidade de interconexión entre os núcleos que posúen información e bancos de datos sobre a Formación Profesional e sobre as oportunidades de adquirir cualificación constitúe un instrumento imprescindible para o desenvolvemento de cal-

A rede integrada de información e orientación profesional posibilitará que os usuarios dispoñan de información e asesoramento unificado en materia de formación e emprego.



quera iniciativa de orientación profesional. Isto non só desde a perspectiva da orientación persoal ou individual (identificación de itinerarios formativos ou de cualificación), senón tamén desde a perspectiva política e social.

Os dispositivos ou núcleos de información deberán estar localizados en Departamentos de Orientación, Equipos de Orientación Específicos, servicios de orientación laboral, servicios de orientación universitarios, centros colaboradores dos servicios públicos de emprego, empresas de traballo temporal, Instituto das Cualificacións Profesionais, Observatorio Ocupacional, órganos públicos responsables de estudos estatísticos, etc. Trátase así de integrar a información ofrecida por cada servicio, organismo ou institución, facer accesible o seu potencial orientador e aproveitar as sinerxías da súa interconexión.

Obxectivos específicos

- Dispor dun instrumento de información e orientación fiable que proporcione criterios homoxéneos para o desenvolvemento de políticas estratéxicas de formación e emprego.
- Obter instrumentos de información fiables que sirvan de soporte decisivo ás accións de orientación profesional.
- Mellora-lo aproveitamento dos recursos de orientación existentes.
- Contribuír á integración do sistema de información e orientación profesional co Sistema Nacional de Cualificacións Profesionais e os subsistemas de Formación Profesional.

Accións

As accións que pretende realiza-la Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estarán enmarcadas dentro das directrices que estableza o Plan Galego de Formación Profesional para o desenvolvemento desta medida. Concretamente, a Administración Educativa colaborará nas seguintes actuacións:

- Elaborar protocolos de recollida de datos sobre os servicios de información e orientación profesional existentes en Galicia.
- Recoller datos sobre os servicios de información e orientación profesional existentes no ámbito autonómico, particularmente dos que fan referencia ó sistema educativo.
- Recoller datos dos servicios de orientación profesional das administracións educativas das comunidades autónomas, a través da participación institucional no Grupo C de información e orientación profesional, creado dentro do Consello Xeral da Formación Profesional.
- Analizar e incorpora-los datos recollidos a unha rede integrada segundo o proceso que se estableza no marco do Plan Galego de Formación Profesional.
- Establece-la conexión dos servicios de información e orientación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria coa rede de servicios integrados de ámbito autonómico, estatal e comunitario.

- Subscribir convenios para garantir ós potenciais usuarios do sistema educativo a utilización dos servizos de información e orientación profesional.
- Actualizar periodicamente, no que respecta ó ámbito educativo, a rede de servizos de información e orientación profesional.

6.6 Asesoramento e apoio ó alumnado sobre técnicas e estratexias de busca activa de emprego e fomento do carácter emprendedor

Nos últimos anos de permanencia no sistema educativo, os alumnos e as alumnas precisan asesoramento sobre técnicas e estratexias de busca activa de emprego, así como sobre o fomento do carácter emprendedor, co fin de facilitarlle-la transición do período formativo ó mundo laboral.

Obxectivos específicos


- Asesora-lo alumnado sobre técnicas e estratexias de busca activa de emprego na empresa pública, na empresa privada ou mediante o autoemprego.
- Promover e fomenta-la cultura emprendedora dos alumnos e das alumnas a través de proxectos concretos, así como animar e asesora-la xente nova cara á creación e posta en funcionamento de actividades empresariais.
- Achegar ós potenciais emprendedores información sobre os instrumentos de apoio e os incentivos económicos dos que se poden beneficiar.

Accións


- Informa-lo alumnado que desexe inicia-la súa incorporación ó mundo laboral sobre técnicas e estratexias para deseña-lo plan de acción para a etapa de transición.
- Fomenta-lo carácter emprendedor, especialmente entre o alumnado de Formación Profesional específica, axudándoo na elaboración de proxectos empresariais, utilizando medios técnicos e asesoramento dos centros educativos, coa colaboración doutros organismos ou institucións.
- Ofrecer información ó alumnado, ó profesorado e ós responsables de orientación sobre a cultura emprendedora e os proxectos empresariais.

6.7 Seguimento da inserción laboral do alumnado que remata a súa formación nos centros de educación secundaria

A escola débelle posibilitar ás persoas a oportunidade de adquiriren cualificacións con valor e significado no mercado laboral, que faciliten a súa inserción e promoción profesional, e, por outra banda, contribuír ó desenvolvemento competitivo dos sectores productivos do contorno socioeconómico.



O alumnado require dun asesoramento específico en técnicas de busca de emprego de cara á consecución da súa inserción laboral.




O coñecemento da inserción laboral do alumnado favorece a adecuación da oferta formativa á demanda laboral e ofrece información ó alumnado para a toma de decisións.

Obxectivos específicos

- Coñece-los datos relativos á inserción laboral dos titulados en Formación Profesional específica e programas de garantía social, co fin de que sirvan como referente, tanto á Administración educativa para a planificación da oferta de Formación Profesional, como para axudar ó alumnado na toma de decisións vocacionais.
- Ofrecer información á comunidade educativa e ós usuarios dos servicios de información e orientación profesional sobre as posibilidades de inserción dos titulados de Formación Profesional, alumnado que remata algún programa de garantía social, etc.

Accións

- Recoller datos sobre a inserción laboral do alumnado que remata ciclos formativos de Formación Profesional e programas de garantía social. Esta acción será coordinada en cada centro polo xefe ou xefa do Departamento de Orientación baixo as directrices que se establezan ó efecto.
- Informatizar e trata-los datos da inserción laboral do alumnado cunha triple finalidade:
 - Analiza-los distintos aspectos da información obtida que permitan introducir modificacións para a súa mellora.
 - Ofrecer información para que a planificación da oferta de Formación Profesional se adecúe á demanda do sector productivo.
 - Elaborar e difundir entre a comunidade educativa os correspondentes informes que axuden ó alumnado a tomar decisións vocacionais.



A formación conxunta dos responsables da orientación do ámbito educativo e do laboral contribúe á integración da información e da orientación profesional.

6.8 Oferta de actividades formativas

Para poder asesorar convenientemente cómpre que os orientadores e orientadoras teñan un amplo coñecemento sobre o Sistema Nacional das Cualificacións Profesionais, o manexo e selección de información cada vez máis diversa e variada, que estean familiarizados con técnicas e procedementos que permitan identifica-las capacidades ou aptitudes e os logros profesionais dos usuarios, así como un dominio das habilidades sociais para inducir neles a motivación necesaria para desenvolve-los itinerarios máis aconsellables.

Doutra banda, convén que a formación dos responsables de orientación dos distintos subsistemas de Formación Profesional se realice conxuntamente, na medida do posible. Deste xeito estarase a contribuír a implanta-la cultura da integración no sistema de información e orientación profesional que se pretende desenvolver.

Se ben haberá actividades específicas de cada subsistema, existirán outras que se poidan realizar de maneira conxunta e potenciar, deste xeito, a relación e a integración dos subsistemas (manexo de programas informáticos, técnicas de busca activa de emprego, análise das competencias clave dos traballadores, análise das ten-

dencias do mercado de traballo, coñecemento do Sistema Nacional de Cualificacións Profesionais, etc.).

Obxectivos específicos

- Actualiza-los coñecementos e habilidades dos orientadores e orientadoras profesionais.
- Acentua-los aspectos comúns que a orientación profesional debe desenvolver para os usuarios de calquera subsistema de Formación Profesional.
- Contribuír á integración do sistema de información e orientación profesional.

Accións

- Defini-lo perfil e funcións para desenvolver polos orientadores e orientadoras profesionais. Aínda que a normativa vixente establece o perfil dos responsables de orientación en cada subsistema, débese establecer un perfil profesional no que se integren as competencias dos orientadores e orientadoras dos distintos subsistemas de Formación Profesional.
- Diseñar modalidades de formación permanente para o persoal implicado na orientación profesional dos tres subsistemas: encontros, seminarios permanentes, grupos de traballo, xornadas, etc.

7 Planificación e desenvolvemento da orientación profesional

7.1 A orientación profesional nas distintas etapas educativas

Educación primaria

- Autoconhecimento.
- Maduración na toma de decisións.

Educación secundaria

- Autoconhecimento.
- Oferta formativa.
- Técnicas de busca de emprego.
- Proceso de toma de decisión.

Educación de adultos

- Autoconhecimento.
- Oferta formativa.
- Técnicas de busca de emprego.
- Proceso de toma de decisión.
- Organización do tempo libre.

O paso do alumnado polo sistema educativo debe ir acompañado da mellor e máis adecuada información e orientación co obxecto de lle facilita-lo seu desenvolvemento integral e capacitá-lo para que realice de forma responsable a elección do seu itinerario formativo e profesional.

Malia que a orientación profesional propiamente dita non sexa obxectivo prioritario da educación primaria, non hai dúbida de que nesta etapa se van fraguando intereses, actitudes, habilidades e coñecementos básicos, que inciden na posterior toma de decisións formativo-profesionais dos alumnos e das alumnas. Por tanto, xa nesta etapa educativa se deben programar actividades curriculares que fomenten nos alumnos e nas alumnas o propio coñecemento e o da oferta formativa, actividades que se deberán intensificar no terceiro ciclo desta etapa.

Coa presenza da opcionalidade e das medidas de atención á diversidade na educación secundaria obrigatoria e coas distintas modalidades e opcións que se ofrecen no bacharelato, prodúcese o entronque entre a orientación educativa e a profesional. Para a maior parte do alumnado, neste período evolutivo efectúase a toma de decisións e o inicio ou a realización dun itinerario profesionalizador, que debe ser informado e orientado co rigor que require a súa complexa pluralidade, vinculada intimamente ó medio socioeconómico e familiar.

En consecuencia, a orientación profesional no ensino secundario xustifícase pola necesidade que ten o alumnado de elixir entre diversas opcións académico-profesionais, e polo feito de iren estas configurando itinerarios diferentes que condicionan o acceso a futuras opcións formativas e profesionais. Nos cursos terminais de cada unha das etapas ou ciclos que conforman a educación secundaria, a toma de decisións cobra máis significado, xa que o alumnado se atopa diante dun abano de posibilidades cada vez máis amplo, que fan necesaria a información e a orientación profesional, sobre todo:

- Na elección de materias optativas, tanto na educación secundaria obrigatoria coma no bacharelato.
- Na oferta formativa á que pode opta-lo alumnado ó remate da educación secundaria obrigatoria, en función da obtención ou non do título de graduado en educación secundaria.
- No coñecemento de técnicas e estratexias para a busca activa de emprego, tanto na empresa pública coma na empresa privada, ou mediante o fomento do carácter emprendedor.
- Nas posibilidades de recualificación ó longo da carreira profesional das persoas adultas para adaptarse ós constantes cambios sociolaborais.

A orientación profesional na educación secundaria obrigatoria

As accións a realizar na educación secundaria obrigatoria hanse dirixir, en primeiro lugar, a propiciar que o alumnado desenvolva progresiva e tuteladamente unha capacidade planificadora que lle permita configura-lo seu proxecto formativo e profesional, para o que as actividades planeadas prestarán especial atención á aprendizaxe das habilidades implicadas na toma de decisións e para a recollida, procesamento e valoración da información a través de diferentes fontes e soportes. En segundo lugar, as accións irán encamiñadas a propiciar que o alumno ou a alumna logren unha representación axustada de si mesmos (propio coñecemento ou autoconhecimento), das súas capacidades, motivacións e intereses, e que as sistematicen e valoren de conformidade cos estudos futuros que pensan seguir e os campos profesionais cos que se corresponden. Outro tipo de actuacións débese orientar a favorece-lo coñecemento da estrutura do sistema educativo e do mundo laboral e máis en concreto das distintas opcións que ofrece o sistema educativo, así como as distintas posibilidades laborais do mercado de traballo, facendo especial fincapé nas que se ofrezan no contorno próximo e aquelas outras encamiñadas a facilita-los procesos de inserción socio-profesional e a pór en contacto o alumnado co mundo do traballo. Tamén se deberán planificar actividades de orientación profesional dirixidas ás familias, ás empresas, etc.

Así mesmo, deberase especificar qué actividades se incorporan ó currículo, sendo, por tanto, responsabilidade do profesorado de cada área ou materia; cáles serán desenvolvidas polo profesorado tutor durante os períodos de tutoría de grupos ou individual e coas familias; cáles se van desenvolver polos profesionais responsables da orientación, e, finalmente, en cáles intervirá persoal externo ó centro que colabora no desenvolvemento do plan (Equipo de Orientación Específico, responsables da orientación do ámbito laboral, corporacións locais, empresarios, etc.).

Na ESO, as aprendizaxes deberán ter carácter polivalente, xeral e básico, e capacita-los alumnos e as alumnas para continuar estudos de bacharelato ou ciclos formativos de grao medio, así como para levar a cabo os procesos de transición á vida activa, proporcionando unha Formación Profesional de base que os capacite progresivamente para a súa inserción no mundo laboral.

A orientación profesional na Formación Profesional

Na Formación Profesional distínguense dous compoñentes:

- Formación Profesional de base, presente na educación secundaria obrigatoria e nos bacharelatos.
- Formación Profesional específica, ordenada en ciclos formativos de grao medio e de grao superior.

A Formación Profesional de base ten como finalidade dota-lo alumnado dun conxunto básico de coñecementos, destrezas, habilidades e actitudes para o exercicio dun amplo espectro de profesións, e permitir unha formación polivalente que lle posibilite cursar posteriormente algún ciclo formativo de Formación Profesional específica.

Na Formación Profesional específica, ademais dos módulos profesionais asociados ós contidos propios de cada profesión, tódolos ciclos conteñen dous módulos obrigatorios relacionados coa orientación profesional: o módulo de Formación en Centros de Traballo (FCT) e o módulo de Formación e Orientación Laboral (FOL).

O módulo de FCT desenvólvese no ámbito productivo real. Potencia no proceso formativo a aprendizaxe do rol laboral que, como profesional, terá que desenvolver-la persoa nun contorno concreto. A principal aportación do módulo de FCT á orientación profesional estriba en que permite ó alumnado observar e desenvolver-las funcións propias dos diferentes postos de traballo relativos a unha profesión, coñece-la organización dos procesos de produción e as relacións socio-laborais da empresa ou centro de traballo.

O módulo de FOL persegue, por unha parte, familiariza-lo alumnado co marco legal de condicións de traballo e de relacións laborais dun determinado ámbito profesional e, por outra parte, dotalo dos recursos e da orientación necesarios para a futura inserción socio-profesional.

En relación coa orientación profesional na Formación Profesional específica cobran especial relevancia as actuacións encamiñadas á formación para o emprego ou a formación para a transición á vida activa, a inserción socioprofesional, a adopción do papel laboral e a adaptación ó mercado de traballo. Neste sentido, dáselles prioridade a aqueles contidos que propicien que o alumnado comprenda a organización e as características do sector productivo correspondente, así como os mecanismos da inserción profesional, e que coñezan a lexislación laboral básica e os dereitos e obrigas que se derivan das relacións laborais. Deberanse ofrecer tamén os coñecementos e habilidades necesarios para traballar en condicións de seguridade e para previr-los posibles riscos derivados das situacións de traballo.

Cómpre, igualmente, facerlles ver ós alumnos ás alumnas que a crecente mobilidade no emprego e as transformacións sociolaborais fan necesario que, para manterse ou promoverse no mundo laboral, non é suficiente só con domina-los coñecementos ou competencias técnicas, senón que se precisa, ademais, unha disposición favorable á formación permanente e unha maior capacidade adaptativa ós cambios e á realidade sociolaboral.

Nos Institutos de Educación Secundaria en que se imparte Formación Profesional específica, o profesorado de formación e orientación laboral colabora co Departamento de Orientación na realización de actividades específicas de orientación profesional dos alumnos e das alumnas. En concreto, estes profesionais teñen encomendadas as seguintes funcións:

- Informa-lo alumnado sobre o marco legal de traballo e das relacións laborais.
- Orientar sobre as formas e procedementos de inserción profesional.
- Dar a coñece-los recursos profesionais e laborais existentes.
- Diseñar actividades ou programas para que o alumnado poida elabora-lo seu propio itinerario profesional de busca de

emprego, facéndoo consciente da necesidade de formación permanente.

- Potenciar estratexias encamiñadas á consecución, se é o caso, dunha reorientación profesional axustada ás demandas do mercado laboral.
- Colaborar co profesorado titor responsable da formación en centros de traballo na elaboración de programas para a realización de actividades formativo–productivas en centros de traballo.
- Promover que o alumnado que accede a un programa de iniciación profesional interveña activamente no seu proceso de aprendizaxe e no deseño da súa traxectoria persoal e laboral.

A orientación profesional no bacharelato

A información e orientación profesional no bacharelato céntrase fundamentalmente no asesoramento e apoio ó alumnado na elaboración do itinerario formativo-profesional (elección da modalidade e da opción do bacharelato, das materias optativas, etc.), que lle posibilite o acceso a estudos posteriores da súa preferencia (ciclos formativos de grao superior, estudos universitarios, etc.), ou ben a incorporación directa ó mundo laboral.

A través da Formación Profesional de base preténdese unha dimensión máis orientadora e profesionalizante que facilita mellores oportunidades de inserción na vida activa e de cualificación laboral dos alumnos e das alumnas.

A Formación Profesional de base concrétese nun currículo caracterizado polo establecemento de obxectivos que favorezan a transición á vida activa, por unha dimensión práctica, funcional e potencialmente profesionalizante, pola introducción de materias optativas que posibilitan actividades e experiencias de carácter profesional.

En definitiva, dentro da orientación profesional no bacharelato deberáselles prestar tamén atención ó asesoramento e á información ó alumnado sobre o itinerario formativo-profesional que lle posibilite realizar eleccións conscientes e responsables que respondan ás súas preferencias e expectativas.

A orientación profesional nos programas de garantía social

Para o alumnado dos programas de garantía social, a información e a orientación profesional cobran importancia singular. A través da acción tutorial ou das diversas áreas do currículo, deberáselle asesorar na toma de decisións formativas e profesionais e na mellora da súa autoestima e das expectativas persoais de logro. A orientación profesional nos programas de garantía social debe ser, sen dúbida, un mecanismo clave para articular adecuadamente o paso do sistema educativo ó mundo productivo e facilitar que a xente nova, fundamentalmente a excluída do sistema educativo formal, se integre como axente activo na sociedade actual.

Como é sabido, o alumnado que accede ós programas de garantía social presenta gran diversidade persoal, familiar e social. Tamén precisa, por outra banda, adquirirla formación básica e profesional que lle garanta unha axeitada cualificación, así como, inci-

dir na adquisición de habilidades sociais e de desenvolvemento persoal que lle permitan inserirse laboralmente ou proseguir a súa Formación Profesional.

A orientación profesional na educación de adultos

A educación para as persoas adultas cobra cada vez unha maior importancia debido ós cambios socio-laborais que implican a necesidade de formación das persoas ó longo da vida.

Así mesmo, a incorporación de novas tecnoloxías ós postos de traballo e a propia evolución destes últimos, esixen que a poboación activa se recualifique e actualice ó longo da vida profesional. A clave para permanecer nun posto de traballo depende, en gran medida, da capacidade de adaptación das persoas ás esixencias que xorden na evolución dos perfís profesionais, polo que a formación e a orientación profesional están chamadas a desenvolver neste sentido un papel primordial.

En consecuencia, a poboación adulta precisa información e orientación profesional para elixir acertadamente os itinerarios formativo-profesionais que melloren a súa cualificación profesional e lles posibiliten o progreso na súa carreira profesional.

Nos últimos anos están a adquirir unha importancia crecente as denominadas competencias clave nas persoas, que inclúen, ademais de competencias prácticas, outras de carácter transversal, tales como capacidade de traballo en equipo, creatividade, espírito emprendedor, sensibilidade medioambiental, capacidade de comunicación e de resolución de problemas, etc. Estas competencias apórtanlles ás persoas dominios cognitivos e permiten a adecuación dos saberes ó desenvolvemento social e tecnolóxico.

Cada alumno ou alumna debe recibir ó remate da ESO, dun ciclo formativo, dun PGS ou do bacharelato, un consello orientador con recomendacións formativas e profesionais.

Este consello elabóralo o profesorado titor co asesoramento dos servizos de orientación, tendo en conta a proposta do equipo educativo.

7.2 O consello orientador

O proceso de orientación académica e profesional convértese nun elemento fundamental para a elaboración do consello orientador ou informe individualizado que, para cada alumno ou alumna, se debe formular ó remate da educación secundaria obrigatoria, dos programas de garantía social, dos ciclos formativos de Formación Profesional específica ou do bacharelato.

Sen pretender substituí-lo alumnado na toma de decisións, perséguese a súa facilitación ó lle aportar información sobre a propia situación educativa e persoal e a adecuación con respecto ás características e condicións das opcións formativas e profesionais posteriores.

A formulación do consello orientador correspóndelle, trala proposta do equipo educativo, ó profesorado titor. Na súa elaboración deberá colaborar o orientador ou orientadora do centro, especialmente cando se requira unha orientación máis personalizada para tomar decisións respecto ás diferentes alternativas que se lles presenten ó alumnado.

Un posible modelo de cómo estrutura-lo consello orientador debería considerar apartados relativos ós seguintes aspectos:



- A situación persoal do alumno ou alumna, na que se faga referencia ó concepto que posúe de si mesmo en relación coas súas capacidades de aprendizaxe, madureza e posibilidades de progreso en estudos posteriores ou no desenvolvemento profesional. Tamén se indicarán os intereses persoais e as súas expectativas académicas ou profesionais.
- A situación educativa na que se analice o nivel de aprendizaxe e desenvolvemento alcanzados, reflectindo o grao de consecución das capacidades fundamentais expresadas nos obxectivos xerais, e facendo mención dos aspectos máis destacados durante a súa escolarización.
- A correspondencia entre a situación persoal e educativa e as diferentes opcións educativas e profesionais.
- Unha proposta orientativa na que se recomenden as opcións formativo-profesionais que o equipo educativo considera máis adecuadas para o alumno ou alumna.

É fundamental que o proceso mediante o que se lle entregue ó alumnado o consello orientador garanta a confidencialidade, e que a súa formulación lle permita elaboralo seu plan persoal de acción. Por iso, é aconsellable que, na medida do posible, se respecte a elección efectuada polo propio alumno ou alumna e que o informe sexa redactado en clave positiva, destacando os logros e avances realizados durante a súa escolarización.

7.3 Principais actuacións dende os diferentes servizos de orientación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Para conseguilos obxectivos propostos no Plan de Orientación Profesional precísanse actuacións coordinadas entre os seguintes servizos de orientación:

- **Servizos centrais.** Estableceranse, con carácter anual, as oportunas instrucións para priorizar e temporalizar o desenvolvemento dos obxectivos fixados neste Plan de Orientación Profesional e para artellar as medidas necesarias para a súa posta en marcha e avaliación nos respectivos contextos.

Desde os servizos centrais estableceranse pautas para as actuacións coordinadas cos especialistas de orientación profesional dos Equipos de Orientación Específicos, cos Departamentos de Orientación e cos orientadores laborais, co fin de conseguilos obxectivos propostos neste Plan de Orientación Profesional.

Cos datos recollidos a través dos especialistas de orientación profesional dos Equipos de Orientación Específicos e dos Departamentos de Orientación realizaranse estudos e informes de ámbito autonómico que servirán de referencia á Administración educativa, ós servizos de orientación e ós centros docentes para a planificación de futuras actuacións.

- **Equipos de Orientación Específicos.** A xeneralización dos Departamentos de Orientación nos centros educativos posibilita que o campo de acción dos Equipos de Orientación Específicos se centre, con carácter preferente, no apoio especializado a estes

Servicios centrais

- Coordinación.
- Priorización de obxectivos.
- Pautas de actuación.
- Análise e tratamento de datos.
- Elaboración de recursos.
- Deseño da formación dos orientadores.

Servicios externos (EOE)

- Asesoramento e apoio ós DO.
- Elaboración de programas de intervención.
- Recollida e tratamento de datos.
- Colaboración na elaboración de recursos.

Servicios internos (DO)

- Información e asesoramento á comunidade educativa.
- Recollida de datos.
- Seguimento da inserción laboral.
- Xestión dos recursos da orientación profesional.

As actuacións coordinadas entre os distintos servicios de orientación permitirán a consecución dos obxectivos previstos nos respectivos plans de orientación.

departamentos, na elaboración de programas de intervención, na recollida de datos, así como na elaboración de materiais en que participen os Departamentos de Orientación.

○ especialista de orientación vocacional e profesional elaborará o correspondente plan anual, que formará parte do plan provincial do Equipo de Orientación Específico, no que se desenvolverán os obxectivos recollidos no Plan de Orientación Profesional para o seu ámbito de actuación, así como as instrucións anuais que se promovan, incluíndo, entre outras, as seguintes actuacións:

- Ofrecerlles apoio técnico especializado ós Departamentos de Orientación para a elaboración, seguimento e avaliación de programas de orientación profesional dirixidos á inserción social e laboral do alumnado.
- Promove-la colaboración intercentros con diferentes empresas, entidades e organismos para o desenvolvemento de actuacións conxuntas en materia de orientación profesional.
- Asesora-los Departamentos de Orientación e os centros educativos para poder integra-la orientación profesional no currículo.
- Elaborar e recompilar no ámbito provincial recursos escolares e profesionais para que o alumnado poida decidirse pola opción máis axeitada ás súas características e preferencias, recursos que serán remitidos ós servicios centrais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a efectos do seu tratamento homoxéneo e posterior divulgación no ámbito da Comunidade Autónoma, para que beneficien ó maior número de usuarios.
- Asesorar e colaborar co profesorado de formación e orientación laboral dos centros de educación secundaria.
- No ámbito do ensino para as persoas adultas, favorece-lo desenvolvemento de conductas vocacionais que contribúan á mellora ou recualificación profesional ou á incorporación ó mercado de traballo.

■ **Departamentos de Orientación.** ○ Plan de Orientación do centro constitúe un marco no que se inscriben os distintos programas de orientación que se van desenvolver no centro. Deberá contemplar accións para cada etapa, concrecións para cada ciclo, nivel, grupo e, mesmo, actuacións concretas para o alumnado con necesidades educativas especiais.

Os Departamentos de Orientación dos centros de educación secundaria incluírán, dentro do plan xeral de orientación, un plan específico de orientación profesional, de acordo coas liñas aprobadas pola comisión de coordinación pedagóxica do centro e baixo as directrices establecidas neste Plan e as que formule anualmente a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Na elaboración do plan de orientación do centro deben considerarse os seguintes principios básicos, que caracterizan a orientación educativa e profesional:

- A súa duración ó longo de toda a escolaridade con momentos de especial énfase. A orientación educativa e profesional non se debe limitar a unha serie de actividades illadas e incone-

as, situadas ó final da escolaridade, senón que constitúe un proceso continuo e sistemático, sen que isto impida que o proceso se intensifique en momentos concretos, cando o alumnado debe elixir entre distintas opcións ou itinerarios académicos ou profesionais.

- A súa incardinación plena no proceso educativo. A orientación educativa e profesional é tarefa de toda a comunidade educativa do centro, xa que ó formar parte do proceso educativo, compromete tódolos niveis de planificación (proxecto educativo, proxectos curriculares, programacións didácticas e de aula, adaptacións do currículo, etc.), e todo o profesorado e órganos de goberno e de coordinación docente (consello escolar, claustro de profesores, equipo directivo, comisión de coordinación pedagóxica, departamentos didácticos, Departamento de Orientación, profesorado titor, equipos educativos, etc.).
- Dirixida a todo o alumnado, familia e contorno sociolaboral. A orientación incardínase no proceso educativo e orientador. Nembargante, débense arbitrar mecanismos de axuda en forma de asesoramento específico e individualizado dirixido a aqueles alumnos e alumnas que atopan dificultades para tomen decisións.
- Facilitadora da toma de decisións do alumnado, ó axudarlles na aprendizaxe de mecanismos, habilidades e estratexias. Neste sentido, a orientación debe conducir-lo alumnado a unha secuencia de opcións ou eleccións mediante as que este decidirá o seu proxecto persoal de vida no ámbito formativo e profesional.
- Promotora da actividade e autonomía do alumnado. Debe potenciarse a autonomía e participación do alumnado, contribuíndo así a que desenvolva habilidades e estratexias efectivas para se enfrontar á toma de decisións en distintos momentos da súa vida, mesmo cando xa non se atopa no centro educativo; tendendo, en definitiva, á autoorientación.
- Que promove a igualdade de oportunidades. No desenvolvemento das accións de orientación prestaráselle atención especial á superación de hábitos sociais discriminatorios por razón de xénero, orixe social, cultural, etc. que condicionen o acceso ós distintos estudos ou profesións.

7.4 Estructura do plan de orientación

Equipos de Orientación Específicos

O Equipo de Orientación Específico elabora anualmente un plan de orientación de ámbito provincial baseado, por unha banda, nas directrices emanadas dos servizos centrais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e, por outra, na valoración das necesidades detectadas no seu ámbito de actuación.

Sen prexuízo do carácter interdisciplinar que deben ter as actuacións do Equipo de Orientación Específico, cada un dos seus mem-

bros debe elaborar un plan anual que formará parte do Plan Xeral Provincial.

En consecuencia, o especialista de orientación profesional do Equipo deberá elaboralo seu plan anual tendo en conta o presente Plan de Orientación Profesional, as directrices establecidas polos servicios centrais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as necesidades detectadas no campo da orientación profesional no ámbito provincial.

Desde os servicios centrais promoveranse reunións periódicas dos especialistas de orientación profesional dos Equipos de Orientación Específicos co fin de posibilitar a realización de actuacións conxuntas no ámbito autonómico.

Centros educativos

O Plan de Orientación Profesional do centro, como xa se indicou anteriormente, debe enmarcarse dentro do Plan de Orientación. O seu referente será o presente Plan de Orientación Profesional, así como as directrices dictadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as necesidades detectadas no contexto.

O Plan de Orientación Profesional debe incluí-los obxectivos que se pretenden para o conxunto da etapa ou ciclo, as liñas de actuación prioritarias para cada etapa, ciclo e curso, a especificación dos responsables implicados na realización das distintas actuacións e a súa temporalización, previsión dos recursos materiais, orzamentarios e organizativos (reunións do equipo directivo, equipos educativos e profesorado titor, reunións do Departamento de Orientación, etc.), e os procedementos previstos para o seguimento e avaliación do plan.

8 Seguimento e avaliación

8.1 Plan de Orientación dos centros educativos

Para realiza-lo seguimento e avaliación da calidade do Plan de Orientación Profesional dos centros educativos deberanse ter en conta as valoracións que se acorden:

- Nas reunións mensuais da comisión de coordinación pedagóxica.
- Nas reunións do Departamento de Orientación, tanto nas trimestrais de todo o departamento como nas semanais dos membros destinados no propio centro.
- Nas reunións de coordinación do profesorado titor co Departamento de Orientación.
- Nas reunións de claustro e de consello escolar.
- Nas reunións de profesores por ciclos, niveis ou departamentos didácticos.
- Nas sesións de avaliación establecidas na programación xeral anual.

Así mesmo, o Departamento de Orientación ha promover a formalización de protocolos e a realización de actividades específicas (entrevistas, cuestionarios, etc.) onde se analice o grao de satisfacción dos usuarios dos servizos de orientación e a autovaloración do propio departamento.

A valoración global das accións realizadas reflectirase nunha memoria final, en que se indicará o nivel de consecución dos obxectivos previstos no plan anual, as dificultades atopadas e as modificacións introducidas, así como as conclusións e as propostas de mellora que deberán incorporarse ó plan do curso seguinte.

A redacción da memoria final correspóndelle ó xefe ou xefa do Departamento de Orientación, quen, unha vez elaborada, deberá entregala ó equipo directivo para a súa inclusión na memoria final do centro.

8.2 Plan de Orientación dos Equipos de Orientación Específicos

Para o seguimento e avaliación do plan anual do Equipo de Orientación Específico e, concretamente do plan anual do especialista de orientación vocacional, teranse en conta as valoracións que se acorden:

- Nas reunións por zonas cos Departamentos de Orientación.
- Nas memorias anuais dos Departamentos de Orientación da provincia.
- Nas reunións de coordinación dos especialistas de orientación vocacional e profesional dos respectivos Equipos de Orientación Específicos.

- A través de cuestionarios, entrevistas, etc. destinados ó usuarios dos servicios de orientación educativa e profesional.

Os resultados do seguimento e avaliación reflectiranse na memoria final, que deberá realiza-lo especialista de orientación profesional do Equipo de Orientación Específico ó remate de cada curso escolar, e formará parte da memoria anual do Equipo provincial.

8.3 Avaliación externa

A avaliación externa dos respectivos Plans de Orientación Profesional será realizada polo servicio de Inspección Educativa, quen valorará a calidade das actuacións propostas nos plans anuais, tendo en conta as accións establecidas no apartado ó do presente Plan, a normativa ó respecto que aprobe a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como as memorias de fin de curso e os informes dos Departamentos de Orientación e dos Equipos de Orientación Específicos.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ha promover, igualmente, a realización de avaliacións externas sobre a calidade dos servicios de orientación, co fin de triangula-los datos obtidos a través da avaliación interna.